



NOTA DE PRENSA

O grupo “Trojanos de Compostela” ofrece un concerto gratuíto este venres no Paraninfo da Universidade de Santiago, ás 20:00 horas

O público poderá gozar cos temas do seu CD “Viva Galicia! A música no tempo de La Casa de la Troya”, cancións do repertorio tradicional de tuna e da época da novela homónima de Pérez Lugín

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2019 (Vía Láctea Comunicación).- O ano pasado, no marco dos actos conmemorativos do 25º aniversario do Museo Casa de la Troya, a agrupación musical da Asociación de Antiguos Tunos Compostelanos, “Trojanos de Compostela”, presentaba o seu primeiro CD no Teatro Principal baixo o título *Viva Galicia! A música no tempo de La Casa de la Troya*. Este venres, 4 de outubro, o grupo ofrece un concerto no Paraninfo da Universidade de Santiago, coas cancións deste disco. A actuación, que é gratuíta ata completar o aforo, comeza ás 20:00 horas.

Benigno Amor, presidente da Asociación de Antiguos Tunos Compostelanos, entidade que xestiona o museo, explica que “con este CD queremos recuperar e divulgar a música de autores galegos de finais do século XIX e comezos do XX, que é o tempo da novela autobiográfica *La Casa de la Troya* de Pérez Lugín, onde a música é a protagonista”. E pon de manifesto que queren seguir levando este proxecto por toda Galicia, con concertos noutras cidades e localidades galegas.

O grupo de pulso e púa da Asociación de Antiguos Tunos Compostelanos e Amigos do Museo Casa de la Troya nace en 2013 como un proxecto vencellado ao museo. O seu obxecto é investigar, promover e divulgar a música para instrumentos de corda pulsada que tocaban as tunas en Santiago a finais do século XIX e comezos do XX; lembrando ao mesmo tempo a figura de compositores galegos da época como Chané, Curros, Canuto Berea ou Marcial del Adalid.

A agrupación, que toca tanto en Santiago e no seu contorno como noutros puntos de Galicia e Portugal, está integrada por 32 compoñentes. Son persoas afeccionadas á música, profesionais en distintos ámbitos, unidas pola súa pertenza ás tunas de Compostela durante a súa etapa académica.

Un total de 26 cancións

O disco recolle un total de 26 cancións, algunhas tradicionais como *Canta rula*, *Potpourri Ai Pepiño adiós*, *Que lle den bertorella* ou *A raíz do toxo verde*. Outras son de autores coñecidos como *Unha noite na eira do trigo* (Montes, Salgado e Curros Enríquez), *Negra sombra* (Montes), *Canta o galo* (Adalid) ou *Os teus ollos* (Chané). Tamén se inclúen pezas que encaixan na época da Estudantina, como as instrumentais *La Alfonsina*, *Santiago*, *Manoliño* ou *Muiñeira de Ponte Sampaio*. Así mesmo, o grupo presenta versións de dúas das obras máis representativas da Tuna Compostelana, a homónima *Tuna Compostelana* e *Fonseca*. Recóllese *Lela*, co texto de Castelao, membro da tuna nos seus tempos de estudante; e *Coímbra*, en lembranza das viaxes por Portugal das primeiras tunas de Santiago, entre outros temas.



Benigno Amor anima “a todos os composteláns e en especial a todos os universitarios a que asistan a este concerto, no que terán a oportunidade de rememorar tempos pasados da vida universitaria e da propia cidade”.

PRENSA_ 981 554 407 _ 639 768 929 www.vialactea.es

www.lacasadelatroya.gal / <https://www.facebook.com/MuseoCasadelaTroya/>